

LEIRO, *debuxante*.

21 de novembro / 7 de febreiro
2019 / 2020

SVT Espacio de Arte prosegue a programación desta tempada coa mostra "**LEIRO, *debuxante***" de **Francisco Leiro** (Cambados, 1957), un dos artistas galegos que alcanzou maior proxección nacional e internacional, e cuxas obras se atopan xa nos principais museos, centros de arte e coleccións públicas ou privadas de todo o mundo.

"**LEIRO, *debuxante***", a proposta que presentamos en **SVT Espacio de Arte**, constitúe, en toda a súa dilatada carreira, a primeira exposición dedicada de forma exclusiva aos seus debuxos sobre papel. "**Leiro, *debuxante***", unha faceta inédita da súa arte que ata fai moi pouco tempo só era coñecida e gozada nos círculos máis próximos ao artista, e que nos últimos anos comezou a aflorar con forza, como unha sección cada vez máis significativa, nas súas máis recentes exposicións escultóricas.

Que o escultor **Leiro** é tamén un notable pintor-debuxante era un dos segredos peor gardados da arte español das últimas décadas; algo que xa se podía intuír nas delicadas policromías de moitas das súas pezas escultóricas, e que agora xa se pode poñer de manifesto abertamente nunha exposición como esta, cunha impactante selección de debuxos que abarca varias décadas de actividade.

A práctica do debuxo acompañouno como unha presenza constante, desde a súa época xuvenil santiaguesa dos anos 70, de clara influencia surrealista, onde xa practicaba unha sorte de debuxo automático, cargado de referencias oníricas e ecos imprevistos do inconsciente; debuxos que a miúdo se converten en xermes de futuras obras escultóricas. Noutras ocasións, polo contario, o debuxo busca o camiño dunha radical autonomía, e avanza autosuficiente sobre os seus propios recursos pictóricos.

Desde **SVT Espacio de Arte** queremos manifestar o noso caloroso agradecemento á xenerosidade de **Francisco Leiro**, brindándose a apoiar, coa súa presenza aquí, este proxecto colaborativo, cuxo fin non é outro que o de servir de plataforma de visibilidade ás novas propostas artísticas que xorden na nosa contorna, e ofrecernos como lugar de encontro: un espazo onde levar a cabo un programa de actividades culturais relacionadas coa creación plástica contemporánea, no que terán cabida os máis diversos formatos e experiencias.

En **SVT Espacio de Arte** somos moi conscientes de que só a actividade colectiva e solidaria da comunidade pode manter acendido o lume da creación e abordar desde unha nova perspectiva a posta en valor dos traballos dos nosos artistas. Porque ningunha sociedade pode sobrevivir dignamente sen o continuo fluxo de produción artística que a anima e revitalízaa: o conxunto de procedementos que sementa de sinais o imaxinario colectivo e proporciona a cada membro desa sociedade instrumentos para experimentar o seu propio lugar no mundo.